

Fomento del euskara

En lo relativo al *fomento del euskara* hemos de constatar la Orden de 4 de septiembre del consejero de Cultura (BOPV núm. 188, de 17 de septiembre) por la que se regula la concesión de ayudas a libros y determinadas publicaciones periódicas editadas en euskara.

Por Orden de 31 de enero de 1992 del consejero de Educación (BOPV núm. 48, de 10 de marzo) se convoca el concurso literario «Urruzuno» para trabajos literarios (poesía o prosa) escritos originalmente en euskara por alumnos que durante el curso 1991/1992 estén cursando estudios de enseñanzas medias.

Toponimia

La Resolución de 5 de marzo de 1992 del director de Relaciones Institucionales y Administración Local (BOPV núm. 53, de 17 de marzo) aprueba la denominación de los municipios vascos, procediéndose en muchos casos a la sustitución de los topónimos anteriores por su denominación euskérica o a la adecuación de los mismos a la ortografía del euskara. Ha de advertirse que la mayoría de los municipios alaveses mantienen su topónimo castellano y que en algunos casos se adoptan oficialmente las denominaciones en ambas lenguas (por ejemplo, Vitoria-Gasteiz, San Sebastián-Donostia etc.).

I.4. GALICIA

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Xefe do Servicio de Normalización do Idioma
de Concello do Redondela

1. *Presidencia*

Lexislación

Lei 3/1992, do 23 de marzo, de Coordinación das policía locais. O artigo 24, apartado 1, preceptúa que nas probas selectivas de oposición

deberanse incluír necesariamente probas de coñecemento da lingua galega e das institucións e do dereito básico de Galicia.

2. *Consellería da Presidencia e Administración Pública*

a) Desenvolvemento normativo

Decreto 376/1991, do 24 outubro polo que se determinan os nomes oficiais das parroquias que se relacionan.

A Lei de Galicia 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, establece no seu artigo 10 que «os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega». Consonte coas potestades que tén a Xunta de Galicia, conferidas polo mesmo artigo, apartado 2, apróbanse os nomes das parroquias pertencentes a tres concellos (Dodro, Mañón, Outes), da provincia de A Coruña, cinco (Alfoz, Cervantes, Foz, Lourenzá e Mondoñedo) da provincia de Lugo, e tres (Bueu, Mor e Poio) da provincia de Pontevedra.

Decreto 35/1992, do 6 de febreiro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 156/1989, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento de concesión de emisoras de radiodifusión sonora de ondas métricas con modulación de frecuencia.

A Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, establece as diferentes modalidades de prestación dos servizos de radiodifusión sonora nas distintas gamas de frecuencia, así como as condicións ou requisitos para acceder á implantación destes servizos públicos. E a Lei 11/1991, do 8 de abril, de organización e control das emisoras municipais de radiodifusión sonora, que tén o carácter de básica, incide nunha materia hoxe regulada polo Decreto 156/1989, do 27 do xullo, sobre o procedemento de concesión de emisoras de radiodifusión sonora, en ondas métricas con modulación de frecuencia, que agora o Decreto 35/1992, no seu artigo único, modifica parcialmente.

O artigo 7, no seu apartado 1, determina que a programación en galego non poderá ser inferior ó 50 % do tempo total de emisión. O artigo 12,1a) establece que a finalidade das concesións busca a promoción e protección da lingua de Galicia, garantíndose —apartado d)— «o respecto ó pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico».

Decreto 55/1992, do 6 de febreiro, polo que se determinan os nomes oficiais das parroquias de Galicia que se relacionan.

A Consellería, previo o dictame da Comisión de Toponímia, aprobou a oficialización dos nomes das parroquias do Concello de Viveiro, da provincia de Lugo.

Orde do 28 de novembro de 1991 polo que se determinan os nomes oficiais dos topónimos que se relacionan.

Apróbanse 1.022 topónimos correspondentes a tres concellos coruñeses, cinco lugueses e tres de provincia de Pontevedra. Unha Disposición adicional preceptúa que «do establecido na presente Orde e do seu anexo daráselles conta ás autoridades estatais correspondentes para os efectos que cumpran no exercicio das súas funcións».

b) Fomento

Orde do 17 de decembro de 1991 pola que se establecen e regulan os plans e programas de actuacións, axudas e subvencións, en favor dos galegos residentes no exterior para o exercicio de 1992.

A Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas elaborou para o ano 1997 o terceiro Plan de Actuación baseándo a súa filosofía na indubitable e indiscutible realidade de que Galicia, ademais dun territorio xeograficamente considerado, constitúe unha comunidade humana universal.

A estrutura do programa e actuacións está agrupado en cinco plans. Os países beneficiarios son aqueles cunha poboación galega integrada por unha elevada porcentaxe de xubilados e con rendas económicas dominantes neses países.

O «Plan de Accións Formativas» compendia as accións formativas «dedicadas ós estudantes nos seus niveis medios e universitarios, co obxecto claro e decidido de capacitar, formar ou perfeccionar profesionalmente, a galegos ou ós seus descendentes directos que residen fóra de Galicia, o que suporía a reafirmación e fortalecemento das súas raíces, tanto no ámbito cultural como etnográfico».

Potencianse, de acordo coas conclusións do 2.º e 3.º relatorio do III Consello de Comunidades Galegas, os recursos destinados a atender e responder ás necesidades de información, uso, estudo, aprendizaxe e potenciación da literatura, da historia, da xeografía e doutras posibles materias relacionadas coa cultura galega.

O artigo 62 desta Orde establece os requisitos para a convocatoria de cursos de lingua e literatura galega. Para que o curso poida ser concedi-

do cómpre que cando menos haxa un número de 25 alumnos dos que polo menos o 60 % sexan de orixe galega. O artigo 64 describe os miúdos das achegas económicas para a celebración dos devanditos cursos de lingua galega.

3. *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

Fomento

Orde do 13 de xaneiro de 1992 pola que se convocan cursos de formación de profesores especialistas en lingua galega.

Consonte co disposto no Decreto 81/1992, do 29 de abril (DOG núm. do 14 de maio), que establece a obrigatoriedade do ensino da lingua galega nos distintos niveis do noso sistema educativo que regula os cursos de lingua galega nos niveis de preescolar e educación básica, a Consellería de Educación convoca vinteún cursos de especialización en lingua galega para profesores de centros públicos e privados dos niveis de educación infantil, EXB e es súas modalidades.

O artigo 14 desta Orde di que «os mestres que superen os niveis e probas escritas e orais, así como a respectiva base de prácticas esixidas, recibirán o correspondente diploma de profesores especialistas en galego.

O Diario Oficial de Galicia número 36, correspondente ó día 21 de febreiro de 1992, publica tres ordes convocando diversos cursos de lingua galega para colectivos docentes de preescolar e educación básica con fin de dar cumprimento ó Decreto 135/1983 do 8 de setembro, sobre o uso da lingua galega nos niveis non universitarios e sobre a formación de profesorado na lingua galega.

Orde de 24 de xaneiro de 1992 pola que se regula a concesión de subvencións a entidades e empresas privadas para accións de promoción da lingua galega.

As subvencións ás que fai referencia a presente Orde poderán ser solicitadas por todas aquelas empresas, entidades privadas e asociacións comerciais legalmente constituídas e serán concedidas ata o límite sinalado na correspondente partida presupostaria.

Esta liña de subvencións está dirixida, por orde de prioridade, á hostelería, transportes e outros sectores comerciais, para normaliza-la lingua galega en toda a documentación e sinalización permanente da empresa e outros impresos (albarans, facturas, papel timbrado, comunicacións, etc.),

emprego da lingua galega en publicidade interior, publicidade exterior ou campañas.

Orde do 22 de xaneiro de 1982 pola que se regula a concesión de subvencións a xornais e revistas galegas para a edición de suplementos didácticos en galego.

Establécense os procedementos de cooperación con estes medios de comunicación de tal forma que aqueles xornais ou revistas galegos non institucionais que empreguen o galego nos seus suplementos didácticos poidan acceder ás subvencións reguladas pola presente convocatoria.

Orde do 21 de xaneiro de 1992 pola que se regula a concesión de subvencións a familias e institucións sen fins de lucro para a realización de actividades de promoción de lingua galega.

Esta disposición está destinada á fomentar o apoio para realizar actividades, desenvolver proxectos e organizar actuacións como congresos e simposios que promocionen e difundan a lingua galega.

Orde do 28 de xaneiro de 1992 pola que se regula a constitución de novos seminarios permanentes interdisciplinares de lingua galega e pola que se lles dá continuación ós xa constituídos.

Para un mellor cumprimento do apartado 2 do artigo 13 da Lei de Normalización Lingüística como é a normalización do galego no ensino e a galeguización da actividade interna e externa dos centros de ensino, poderán percibir subvencións os novos seminarios permanentes interdisciplinares de lingua galega.

Orde do 3 de febreiro de 1992 pola que se regulan axudas a empresas editoriais para a edición de libros e materiais didácticos destinados a niveis non universitarios impresos en lingua galega.

Na exposición de motivos desta orde remítesenos á Lei 3/1983 do 15 de xuño, de normalización lingüística, concretamente ó seu título III, do uso do galego no ensino, que establece que «O galego, como lingua oficial de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos» e «as autoridades educativas da comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino», para xustificar as axudas convocadas.

Amais dos libros e material didáctico obxecto da axuda tamén se poderán acoller os libros destinados ás ensinanzas especializadas e ás non regradas.

Exclúense, sen embargo, os libros de bibliófilos, publicacións corres-

pondentes a entes públicos, libros destinados a seren distribuídos gratuitamente, libros publicados por clubs do libro e similares destinados a seren distribuídos entre os seus suscritores, libros dos que a venda se realice a prazos e, finalmente, libros, que publicados no ano 1992, recibiron xa ou teñen asignada algún tipo de axuda con cargo ó exercicio de 1992 por parte dalgún ente público. A contía de cada subvención non poderá supera-la cantidade de dous millóns de pesetas por obra ou material didáctico presentado.

Orde do 30 de xaneiro de 1992 pola que se regula a concesión de subvencións ás asociacións e entidades culturais para a realización de cursos de lingua galega.

A necesaria alfabetización da sociedade galega na súa propia lingua é a razón fundamental desta convocatoria, de aí que se convoquen cursos de lingua galega «para aqueles cidadáns reunidos en asociacións e entidades culturais legalmente constituídas». Son cursos dunha duración de 60 horas teóricas e 15 horas prácticas.

Orde do 31 de xaneiro de 1992 pola que se regula a concesión de subvencións a entidades de Administración local para a realización de cursos de lingua galega.

Fundaméntase a convocatoria destes cursos no disposto nas Leis de Normalización Lingüística e na Lei do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais. Trátase de cursos dirixidos ós funcionarios da Administración local dunha duración de 60 horas e 15 horas prácticas.

4. *Consellería de Cultura e Xuventude*

Fomento

Orde do 20 de xaneiro de 1992, polo que se convocan subvencións a editoriais para apoia-la produción editorial do libro galego.

Sinala a exposición de motivos que aínda on se pode dicir polo de agora que a situación do mundo editorial galego estea normalizado como pode estalo noutras linguas do Estado. A Consellería, consciente desta realidade, considera imprescindible acada-lo maior grao posible de normalización do sector tanto en aspectos económicos e industriais coma lingüísticos. O artigo 2 subvenciona o 75 % do prezo de venda ó público (sen IVE) de cada libro.

A Orde do 21 de xaneiro de 1992 anuncia subvencións a empresas discográficas para producir gravacións.

O artigo 6 desta disposición sinala que na valoración das solicitudes teranse en conta «a continuidade da obra dentro dunha colección e importancia para a música galega».

A intención da Orde é evidente: «axudar ós produtores galegos a realizaren discos nos que se recollan obras dos osos intérpretes».

Outra Orde do 21 de xaneiro de 1992 anuncia subvencións para editar e traducir obras para o galego.

Xustifica a Consellería esta convocatoria porque «no publicado nestes últimos anos detéctanse carencias ás que a iniciativa privada por si soa e incapaz de atender». Tales carencias refírense sobre todo a obras non literarias, a comics e a grandes proxectos.

O artigo 1 anuncia subvencións para edita-las seguintes obras: obras de carácter non literario, comics, grandes proxectos editoriais e traducións de obras escritas e publicadas orixinariamente en lingua distinta do galego.

O Diario Oficial de Galicia, número 32, publica unha Orde da mesma consellería convocando os premios Alvaro Cunqueiro de textos teatrais, Carlos Velo de guións cinematográficos, Ramón Cabanillas de tradución e o premio de creación feminine. Tódolos tres premios son para textos inéditos, escritos en galego normativizado.

O premio Alvaro Cunqueiro e Carlos Velo están dotados, con cadanseu millón de pesetas. O Ramón Cabanillas, con idéntica contía, podendo subdividirse en dous premios de 500.000 pesetas.

O premio á creación cultural feminina poderán optar aquelas mulleres galegas ou residentes en Galicia que contribuísen co seu traballo de creación á afirmación dos valores culturais galegos.

I.5. PAÍS VALENCIÀ

Ernest GONZÀLEZ FABRA

Tècnic de la Generalitat Valenciana

En el període comprés entre juliol de 1991 i juny de 1992 han aparegut publicades al Diari Oficial de la Generalitat Valenciana les següents disposicions i convocatòries relacionades directament o indirecta amb les